

sarria

PSOE, BNG e PP mostran o seu desacordo co incremento dos salarios. **Pax. 7**

láncara

O Concello de Láncara organiza viaxes de verán ás diferentes praias de Galicia. **Pax. 14**

paradela

Licitadas as obras de mellora da praza pública de Pacios por máis de 227.000 euros. **Pax. 18**

samos

Falamos coa nova rexedora, María Xesús López, sobre o presente e futuro do concello. **Pax. 19**

deportes

O equipo SD Paradela consegue por primeira vez a Copa Deputación. **Pax. 23**

Volve a maxia en agosto

Nova edición deste festival máxico onde tanto nenos como maiores poderán gozar coas actuacións de magos e ilusionistas



Constituída a Corporación provincial

José Tomé presidirá a Deputación logo da toma de posesión dos cargos dos deputados. **Pax. 21**

Novos sinais chegan ás vidas dos condutores

A Dirección Xeral de Tráfico introduce sinalización nova e actualiza e elimina outra. **Pax. 12-13**

Viaxe no tempo



Unha ludoteca de lecer e tempo libre infantil dirixida aos cativos. **Pax. 5**

Ultreia Et Suseia



A segunda edición celebrarase entre os vindeiros 16 de xullo e 23 de agosto. **Pax. 6**

Terra Brava



O festival, que será o 25 e 26 de agosto, chega á súa décima edición. **Pax. 17**

O DHU terá lugar o 29 e 30 de xullo en Sarria

David Gómez Somoza é directivo do Club Ciclista DHG Team Galicia. **Pax. 22**

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

SARRIA

Un festival internacional de maxia

A cita acollerá a participación de artistas de todo o mundo e unha gala de maxia accesible para persoas non ouvintes

Os vindeiros 17, 18, 19 e 20 de agosto terá lugar a XVIII edición do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, organizado cada ano polo mago Roberto Lolo, quen explica que “este ano haberá unha sorpresa no formato, unha idea persoal miña e algo que creo que nunca se fixo no ámbito da maxia en festivais”.

Esta novidade é a Gala de Maxia Accesible en Lingua de Signos, a primeira que se celebra en Galicia e que ten como obxectivo facer participar a todos os públicos dunha edición que o mago Roberto Lolo cualifica de “a máis especial ata o momento”.

A idea xorde na cabeza do organizador e está feita “con todo o cariño e amor do mundo” tras actuar un día para a Asociación Asorlu e a Anpanxoga, durante a cal puido ver canto disfrutaban da maxia persoas non ouvintes: “Saín namorado da enerxía e do que vivir, polo que quixen facer unha gala exclusiva con interpretación de signos”.

Así, Iria Méndez, tradutora de lingua de signos, será a encargada de facer chegar ás persoas non ouvintes os chistes, os trucos e todo o que queiran transmitir os magos durante a gala, “para que isto sirva como precedente para posteriores espectáculos de maxia doutros magos e para todas as seguintes edicións que se organicen do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria”, explica Roberto Lolo.

As diferentes actuacións, que se



celebrarán en diferentes quendas durante os catro días establecidos, terán lugar en diferentes localizacións da vila de Sarria, como parque do Chanto, a praza da Vila, a praza Santa Mariña ou a praza do Malecón; ademais doutros espazos pechados, como o Meigallo.

ARTISTAS

Roberto Lolo, que acumula máis de 20 anos de experiencia no ámbito da maxia, xa ten confirmados os artistas que o acompañarán durante as catro veladas máxicas de mediados de agosto.

O primeiro artista que confirmou Roberto Lolo para o seu festival foi “un dos máis queridos polo público sarriao”, segundo explicou, xa que foi “unha das persoas que axudou a facer crecer o festival”.

Este será Nuel Galán, gañador do Premio Nacional de España de

Maxia e que Lolo describe como “unha persoa con gran dinamismo e personalidade, e que sabe gañarse o cariño do público”. Ademais, o mago Lolo explica que hai varios anos que non vén a Sarria, “pero ao ser este o seu 18 aniversario, a súa maioría de idade, tiña que estar”.

Pola súa parte, o segundo artista presentado e que actuará no festival será Raúl Camagüey, un artista internacional que se formou no Circo Nacional de Cuba e que xa actuou no festival hai anos.

Roberto Lolo explica que, aínda que agora mesmo estea afincado en Miami, vai facer “un enorme esforzo” por non perderse o 18 aniversario, xa que “é un home queridísimo polo público sarriao”. A terceira artista será “a nena prodixio da maxia”, Mágica Estela, unha nena que, tal e como explica o organizador da gala, “arrasou en Got Talent”, polo que foi unha das



seleccionadas para participar desta XVIII edición do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria. Estela preséntase por primeira vez en Sarria e está “moi emocionada”, mentres que Roberto Lolo está “moi feliz polas súas ganas e o seu magnífico carácter, así como agradecido ao seu pai polo trato comigo”.

Samuel Pons tamén estará nesta XVIII edición do festival, xa que “non podía faltar, porque debutou precisamente en Sarria hai dez anos”, explica Roberto Lolo. Así, defíneo como un rapaz “queridísimo polo público e admirado a partes iguais; pétao como Youtuber, como TikToker, pero sobre todo como gran mago e mellor persoa”, defende o organizador.

MÁIS PROFESIONAIS

Ademais destes catro artistas, Ro-

berto Lolo tamén actuará na gala, quen di que se deixará a alma, o corazón e a vida “pola miña xente de Sarria”.

Xunto a el, participarán tamén o Mago Iago, Magic Mateo, Román García, Samuel Moreno, Yao Xinge, Mago Joel de Cuba, Dania Díaz e Eduardo El Mago; cada un coas súas características individuais e o seu show definido coa súa propia personalidade.

Por unha parte, Iago “é un veterano”, xa que comezou a súa andaina como mago nun Festival de Maxia de Sarria, polo que “non podía faltar nesta edición e agrado moito que lle apeteza vir a xogar á súa casa”, argumentou Lolo.

Con respecto a Magic Mateo, tamén debutou en Sarria y continúa firme “a súa proxección, a súa mellora, a súa dedicación...”, explica Lolo. Con só 14 anos, cre que “nos deixará coa boca aberta”.

Empresa especializada en trabajos verticales



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

Samuel Moreno volverá despois dun ano de descanso e actuará nesta edición, demostrando o seu traballo da man do organizador Roberto Lolo, quen di darlle “moita caña”, pero confía en que “o fará xenial”.

Román García, pola súa parte, será un dos máis tradicionais magos deste Festival, xa que leva 18 anos vindo a Sarria. Así, Roberto Lolo considéralo o seu mestre, amigo, referente e “persoa de total confianza”. Ademais, defende que, “sen el, este festival non existiría”. O chinés Yao Xinge tamén estará nesta edición do Festival de Maxia, quen deu a coñecer os seus dotes de mentalista en Got Talent, no que conseguiu dous botóns de ouro. Xa estivo o ano pasado en Sarria e este ano será a súa segunda edición.

Tamén se contará coa participación do Mago Joel de Cuba, quen triunfou en Got Talent cun dobre botón de ouro e gañador de Got Talent Magic, polo que é “unha honra que veña ao Festival Internacional de Maxia de Sarria, xa que falei con el daquela e foi un pacto de palabra e veu”, explica Roberto Lolo.

Por último, o Festival Internacional de Maxia contará coa presenza dunha das mellores magas do mundo, Dania Díaz, que xa estivo en Sarria e tamén gañou un botón de ouro en Got Talent. “Estouille moi agradecido por vir desde Venezuela para deleitarnos coa súa maxia”, agradeceu Lolo. Así mesmo contarán coa presenza de Eduardo El Mago, que xa estivo na edición do ano pasado.

NOVOS TALENTOS

O organizador do Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, Roberto Lolo, caracterízase pola aposta clara por novos artistas e profesionais da maxia, polo que nesta edición tamén quere “darlle a oportunidades a novos artistas,



sobre todo aos da terra”, que estean dando os seus primeiros pasos na maxia.

Por iso, traerá outros tres artistas invitados: MagAldara, Nacho Nogueira “I gran Na” e Izan “Golden Magic”, que debutarán en Sarria este ano durante o transcurso do Festival Internacional de Sarria. Así, Lolo di que serán recibidos “cun cariño brutal por toda a xente de Sarria” e que estarán “arroupados polo público ao igual que moitos outros artistas que comezaron aquí e que agora son magos contrastados”.

Por outra parte, tamén estará no festival Tamén José Rivera, ‘O hipnotista’, que levará a cabo unha

única función de hipnose en exclusiva o 18 de agosto.

ILUSIONISTAS

Para terminar, o XVIII Festival Internacional, ademais de con magos, contará con ilusionistas. Así, Jugith Trilirí e Felipe Costa levarán a mente do público ata lugares aos que non sabían que podían chegar.

Pola súa parte, Judith Trilirí actuou por primeira vez como maga nun Festival de Sarria e leva máis de dez anos preparándose, experimentando e conectando co público contando historias e sorprendendo. Así, Roberto Lolo explica que

“é unha persoa 10 e que, cando a chamou, dixo que si sen pensalo”. Felipe Costa, máis coñecido como ‘Pollo’, tamén acudirá a esta cita internacional, desprazándose desde Colombia exclusivamente para “facer felices aos peques”, como defende Lolo, xa que este é un mago infantil, que conta incluso con monociclo.

AGRADECEMENTOS

Con todos estes artistas e profesionais do mundo do espectáculo, Sarria poderá desfrutar a mediados de agosto do seu Festival Internacional de Maxia, organizado por Roberto Lolo, quen di que

para el “isto é un agasallo que lle fago á cidadanía de Sarria para agradecerlle todo o cariño que me deu desde que empecei a organizalo hai 18 anos”.

Di que todo o seu esforzo está dedicado “para a xente de Sarria e a que vén desde fóra para pasar catro días na miña vila, xa que iso mellora o turismo e a vida social”. Ademais, sostén que “é un festival do público e da xente”.

Así, di que “son moi importantes as actuacións infantís, xa que chegar aos máis pequenos é unha forma moi bonita de que descubran a maxia, porque a viven dunha maneira sa e son moi felices”, rematou.



TUS AUDÍFONOS SIEMENS RECARGABLES

Hasta un **15%** de descuento en Julio y Agosto




Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

C/ Matías López, 63-bajo
27600 - SARRIA (Lugo)
Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976
audiosarria@gmail.com

Confirmacións para o Verbena Fest, que será o 5 de agosto



Os organizadores do Verbena Fest seguen confirmando artistas para a súa edición dos vindeiros 4 e 5 de agosto en Sarria.

Desta vez, anunciaron que o grupo Kamikaze Helmets e Sexy Zebras actuarán o 5 de agosto no Meigallo de Sarria.

Os Kamikaze son un dúo "explosivo", tal e como o definen desde a organización, e o trío de rock madrileño Sexy Zebras presentará o seu último álbum, *Cale Liberación*, no que recompilan cancións de rock and roll incendiario

ENTRADAS. Xa están á venda as entradas para a edición V da Verbena Fest de Sarria.

Nesta edición, as persoas que merquen a súa entrada, poderán deleitarse coa música de varios grupos musicais interesantes, como a do grupo monfortino Malenne, o grupo da Costa da Morte Duín, o grupo Kamikaze Helmets, ou o grupo The Rapants, que estiveron recentemente no Son do Camiño. Estes dous últimos, ademais, están confirmadas as súas actuacións para o día 5 de agosto no Meigallo.

Ademais das actuacións musicais, as persoas que participen desta edición poderán desfrutar de postos de gastronomía local, mercados artesanais, mercados solidarios e actividades para os cativos durante todo o festival.

“Unha boa carpintería garante a eficacia no illamento”

Manuel López Piecho, xerente da empresa Camiño Francés Carpintería Metálica

Que servizos ofrecen?

Dedicámonos tanto á fabricación como á venda e instalación de ventás de aluminio e PVC, así como portas de garaxe (corredías seccionais e abatibles), peches, cubertas de chapa e policarbonato, mosquiteiros, pantalla de ducha, mobles de aluminio e en xeral todo tipo de estruturas metálicas de aluminio soldado e ensamblado. Ademais, realizamos o seu servizo de reparación e mantemento.

En que ano se implantou a empresa e como xurdiu a idea de poñela en marcha?

A actividade da empresa neste momento é a mesma que se desenvolveu dende hai trinta anos, mais pasando por distintas etapas, titularidade e nome de empresa. O actual Camiño Francés asumiu a continuidade do negocio no 2021.

Como é o trato cos clientes? Son particulares, outras empresas, entidades...?

Temos clientes que son profesionais da construción, particulares e subcontratacións doutras empresas dedicadas ao mesmo sector.

Porén, nós non facemos ningún tipo de distinción neste aspecto, dedicamos toda a nosa atención a cada cliente para intentar satisfacer as súas demandas e necesidades. Ofrecémoslles material de calidade e asumimos o maior compromiso posible á hora de realizar o noso traballo con todas as garantías.

Teñen clientes habituais e fieis?

Temos moitos clientes habituais que son profesionais, especialmente da construción, pero tamén moitos particulares máis ocasionais que solicitan os nosos servizos, tanto para obras novas como para a restauración de obras antigas, así como o seu mantemento e reparación.

En que consiste a carpintería de aluminio?

A carpintería de aluminio, tal e como indica o seu nome, consiste na rama da carpintería que traballa este material, xa sexa para fabricar mobles, portas, ventás, persianas, separadores de ambientes... En definitiva, calquera tipo de accesorio, produto ou estrutura ó que se lle poida dar forma con este material.

Que beneficios supón este tipo de carpintería para as construcións que fan?

En primeiro lugar, o maior beneficio que reportaría a unha construción a elección dunha boa carpintería é garantir a eficacia no illamento térmico e o acústico. Tamén ofrece a máxima estanquidade contra o vento e a auga. Todo isto contribúe notablemente ao aforro enerxético.

Que tipos de construcións se fan?

En xeral, fanse todo tipo de ventás e portas (oscilo batentes, oscilo paralelas, corredías elevables, abatibles, etc.) e tamén peches de vivendas e peches exteriores de leiras, cos distintos sistemas que temos a disposición dos nosos



clientes. Ademais, podemos dar ás construcións un aspecto máis rústico ou máis moderno a petición do cliente.

Algún traballo digno de mención?

Temos feito moitos tipos de traballos, pero ocórreseme mencionar, por poñer un exemplo, unha das obras máis interesantes e vistosas que temos feito até agora: a casa de Diego López, un dos mellores porteiros do fútbol español e internacional, que se supera coa súa condición como persoa.

Cren que os seus clientes están satisfeitos co traballo que fan?

Entendemos que si, dado que pola nosa parte estamos á total disposición dos nosos clientes e tratamos de satisfacer todas as necesidades que lles poidan xurdir.

Que novidades hai no sector este ano?

Neste sector, como en moitos outros, está habendo continuamente novidades que contribúen á mellora non só no tema do illamento, senón tamén do deseño para mellorar a luz e o confort. Dispoñemos dunha infinidade de cores e acabados que, ademais de mellorar o aspecto dunha vivenda, tamén alonga a vida útil do material. É seguro, non inflamable e respectuoso co medio ambiente.

Que outras peculiaridades ten o seu negocio?

Na nosa carpintería achegámonos até a súa vivenda para realizar as tarefas de medición da obra que sexa preciso realizar e elaborámoslle un presupuesto, sen ningún tipo de custo adicional nin compromiso.



Talleres TITO

Carpintería metálica
Reparación de Maquinaria Agrícola y Carrocerías
Fabricación de material Ganadero



Polígono Industrial
O Morelle, parcela 26,
puerta A. Sarria
Tel.: 609 171 168





RESTAURANTE
COMIDAS EMPRESA
EVENTOS PRIVADOS

Parque do Chanto S/N

CONCIERTOS
MONÓLOGOS
NOITE MEIGA

web
terrazaomeigallo.com

Reservas
697405008

#terrazaomeigallo

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



Aberta a LU-636 ao seu paso por Sarria

Xa está aberta a estrada LU-636 que estivo arranxando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para mellorar a drenaxe transversal na contorna do polígono industrial de Mourelle, en Sarria, nas que investiu 56.700 euros.

Así, quedou rematada a reposición do pavimento da vía, que comunica este municipio con Becerreá, no punto quilométrico 3,700 e substituíuse a instalación de drenaxe, unha obra de fábrica formada por dous tubos de 600 mm de diámetro para ofrecer unha maior capacidade de drenaxe.



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
 Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

Este verán chega o programa de conciliación Viaxe no tempo

Sarria acollerá este verán o programa de conciliación Viaxe no tempo, unha ludoteca de lecer e tempo libre infantil dirixida aos fillos e fillas das familias traballadoras, con idades comprendidas entre os 4 e os 6 anos.

O obxectivo é favorecer durante os meses de verán a conciliación da vida familiar e laboral ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral das e dos menores participantes a través dunha programa



mación que combina o xogo coas actividades creativas, culturais e o coñecemento do entorno próximo. Esta pedagogía do lecer está baseada na educación en igualdade e na procura de actividades de proveito e saudables para a poboación de educación infantil.

Así, a ludoteca dividirase en catro quendas distribuídas nos meses de xullo e agosto: do 3 ao 15 de xullo, do 16 ao 30 de xullo, do 1 ao 15 de agosto e do 16 ao 31 de agosto.

Aberta a inscrición para ás actividades da Esmusa

A Escola Municipal de Música de Sarria abre a matrícula para apuntarse ás actividades musicais que ofrece para o curso 2023-2024, nas que se inclúe acordeón, clarinete, frauta, gaita, lingua musical, guitarra, música e movemento, estimulación musical temprana, percusión, piano, piano complementario, trombón, trompeta, saxofón, tuba ou bombardino e trompa. As persoas interesadas en participar dalgunha destas actividades poderán facelo do 3 ao 6 de xullo para a matrícula de continuidade,

do 10 ao 13 de xullo na matrícula preferente e do 17 ao 20 de xullo para unha nova matrícula.

Os alumnos matriculados durante todo o curso anterior en música e movemento e queiran solicitar un instrumento por primeira vez terán que cubrir o papel de matrícula preferente.

Ao igual que en anos anteriores, as solicitudes presentaranse de forma presencial nas instalacións da Escola de Música de Sarria, na rúa Pedro Saco, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

A campaña En 60 minutos 1.000 euros estará activa todo xullo

O Centro Comercial Urbano de Sarria presenta a súa campaña En 60 minutos 1.000 euros, que este ano cumpre dez anos desde que tivo lugar a súa primeira edición.

Desde a CCU defenden que esta "é unha das actuacións con mellor acollida polos clientes do CCU Sarria, debido ao premio tan apetecible que ten: mil euros para gastar en todas aquelas cousas que queira a persoa gañadora, pero coa condición de que terán que ser gastados nun prazo máximo de 60 minutos", explican desde a entidade.

Esta campaña, que fomenta o comercio local, estará nas rúas da vila



durante todo o mes de xullo, cadrando no tempo coas rebaixas do Centro Comercial Urbano de Sarria. Desta campaña participan trinta

comercios adheridos á CCU e son: Ábaco Sarria, Atmósfera Sport, Brissa Salón, Cactus Rose, Calzados Gayoso, Calzados Veiga, Colorín Colorado Sarria, Cris Abad, Dimar Moda, Duet Moda, Electronova, Herboristería Linva, Joyería Díaz, Joyería Salgado, Juguetería Don Dino, Juguetería y Puericultura 1, 2, 3... escondite inglés, Lar de Menchu, Los sueños de Uxía, Mercería Lucía, Mercería Sarillo, Micsport Sarria, Moncho Moda, Óptica Adrián Salgado, Óptica Malecón, Sabrina Moda, Santamarta, Senayo, Trece Tablas, Ultraia, Vilamey Complementos e Zaida.

Os nenos con diversidade funcional poderán desfrutar de bambáns inclusivos

O parque do Chanto e o parque da praza da Vila de Sarria contarán con novas instalacións inclusivas para que os nenos e nenas que teñan diversidade funcional poidan desfrutar igualmente das actividades infantís gratuítas da vila sarriá.

Así, a Concellería de Medio Ambiente será a encargada de levar a cabo as tarefas de colocación dos novos bambáns que poderán ser utilizados por todas as persoas que o precisen co fin de mellorar a inclusividade nos

parques infantís da vila de Sarria.

Esta iniciativa, que previsiblemente se estenderá no futuro aos demais parques da vila como intención do goberno local, segue a liña das actuacións levadas a cabo durante o San Xoán de Sarria, durante o cal houbo tres días cunha hora de silencio nas atraccións infantís para mellorar a calidade de vida das persoas que sofren malestar polo ruído, unha proposta que promoveu o BNG de Sarria.



diseño & Confort

915€

GMMS// Elegante dormitorio con cabecal de 135, 2 mesitas de 51 cm., sinfonier de 61 cm. y vestidor a juego en colores actuales. Posibilidad de otras medidas, pida presupuesto.

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

Muebles SINDIN
 VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
 Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
 mueblessindin@gmail.com / www.mueblessindin.com



ALBORADA
 CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM • 982 53 36 59
 Rúa Caneiro, 1-3, baixo • 27600 • Sarria • Lugo

O Ultraia Et Suseia pon en valor os artistas e o patrimonio

Un festival que fai referencia ao histórico saúdo no Camiño de Santiago

A segunda edición do Festival Ultraia Et Suseia de Sarria celebrárase entre os vindeiros 16 de xullo e o 23 de agosto cunha gran variedade de espectáculos de comedia, narrativa oral, música e palestras conformada, todo iso da man de artistas galegos. Ultraia et Suseia, nome que fai referencia ao histórico saúdo no Camiño de Santiago e que se pode traducir do latín como “segue adiante, máis arriba”, acollerá a participación de diversos cómicos como David Amor, Pablo Meixe, Danny Boy-Rivera, Xosé Touriñán e Luís Piedrahita, que actuarán en diferentes quendas durante o seu mes de celebración para o deleite dos veciños, veciñas e visitantes sarriaos.

Esta é a segunda edición que organiza Etiqueta Negra, entidade de Sarria que produce eventos desde hai máis de vinte anos. Desde a organización, defenden que “a idea de facer o evento xorde da cantidade de propostas existentes na vila e, inicialmente, da unión de distintos proxectos de narración oral e comedia que xa estaban en marcha, polo que consideramos que xuntos teríamos máis posibilidades de facer un evento de maior calado e transcendencia para a nosa comarca”, explican.

OBJECTIVOS. Ademais, din que o obxectivo do Festival Ultraia et Suseia é “xuntar ás asociacións e ás propostas que existen para facernos máis fortes”, pero tamén o é “contar coa participación da maior cantidade posible de asociacións e propostas ou colaboracións con artistas da zona, unido á presenza de artistas de referencia de Galicia”.

Por isto, este ano, unha das grandes novidades da segunda edición é a incorporación ao evento de distintas asociacións culturais da comarca de Sarria, como Peleiriños, Meigas e Trasgos, Huhú e Rúa da Música. Así, dende Etiqueta Negra defenden que poden aportar unha estrutura de persoal ao proxecto “que é necesaria para poder facelo viable, pero as verdadeiras protagonistas son as asociacións e axentes que se vaian incorporando. Este proxecto quere poñer en valor o traballo de todos eles e que, como debe ser, cobren polo seu traballo”, argumentan.

ACTIVIDADES. O Festival Ultraia Et Suseia será, fundamentalmente, de balde para todos os públicos, que poderán gozar de espectáculos de artes escénicas de narrativa, dos paseos teatralizados de carácter didáctico ‘Camiñografías’ e a estrea do espectáculo de comedia dos *influencers* Pepe y Lucas, que contan con máis dun millón de seguidores en Tiktok.


Dos espectáculos de artes escénicas enfocados á narrativa oral, destaca a sesión de contacontos de Raquel Queizás, de Travesías, para todos os públicos; un espectáculo que conxuga monicreques e narrativa oral cunha perspectiva de xénero, que rompe coa idea do papel da nena nos contos tradicionais.

Da mesma maneira, o espectáculo de Eva Rilo Elas, ten á igualdade como protagonista, será outro dos protagonistas destas xornadas. Haberá, ademais, actividades de artes escénicas pensadas exclusivamente para un público adulto, como a de Atenea Fernández, quen

mostrará historias recollidas nos últimos anos dos seus protagonistas en ‘Vicio Houbo Sempre’.

Por último, Paula Carballeira en ‘Os Contos Que Me Contaron’ mostrará os seus máis de vinte anos de experiencia no oficio.

Con respecto ás Camiñografías, volven de novo nesta segunda edición para mostrar a historia de Sarria, a súa comarca e a súa relación co Camiño de Santiago dunha maneira amena e á vez rigorosa. Nesta ocasión, celebráranse dous paseos teatralizados e gratuítos debido ao éxito da actividade na súa primeira edición, o 17 e 24 de xullo.



As únicas actividades de pago serán os espectáculos cómicos ‘Recuncho da Comedia, un show especial exclusivo para o evento, que contará coa presenza de David Amor, Pablo Meixe e Danny Boy-Rivera o ciclo o 16 de xullo, Xosé A. Touriñán o 22 de xullo e Luís Piedrahita, que pechará a programación o 23 de agosto.



ASOCIACIÓNS. Desde a organización destacan que Ultraia “é un proxecto aberto para todas as asociacións, artistas, e persoas vencelladas á cultura da comarca de Sarria que queiran participar”, polo que animan “a todo o mundo que se anime, xa que xuntos seremos quen de crear un evento que perdure no tempo, xa que temos unha materia prima suficiente para facelo posible e a un nivel moi alto”, explican.

Ademais, Ultraia Et Suseia “é un proxecto multidisciplinar ambicioso”, que busca consolidarse a medio prazo como un espazo de posta en valor do traballo das distintas asociacións culturais da comarca Sarria, dos seus artistas e dos distintos axentes culturais galegos.

Tamén reivindican a importancia que ten o Camiño de Santiago e o seu papel no fomento da cultura: “Vémolo como unha oportunidade para fomentar o intercambio cultural e así impulsar o tecido cultural galego”.


ETIQUETA NEGRA. Desde a organización do Festival explican que teñen a experiencia necesaria e a capacidade para facer este tipo de evento, un “proxecto con identidade e calidade”. Porén, recoñecen que esta segunda edición non foi doada de sacar adiante, “pero estamos moi satisfeitos de podelo facer e da incorporación de distintas asocia-

cións culturais ao proxecto. Para nós é un punto de partida xa que o noso obxecto é que cada ano, se o desexan, teñan maior participación dentro do evento”, argumentan.

Ademais, sosteñen que o que máis lles impulsou a organizar esta segunda edición foi a “acollida tan boa do ano pasado”, pero “porque a programación tamén o foi”. Así, din que “cada ano intentamos ter una programación con artistas de referencia e completala con artistas e asociacións da comarca. Ademais, non buscamos programar eventos para un público moi grande, senón poñer en valor os artistas, o patrimonio e o territorio creando eventos singulares e de calidade”, defenden.

Da mesma maneira, cren necesario “ter un proxecto a medio prazo para logo facer una valoración dos resultados. Os inicios non son doados, pero a partir da terceira edición esperamos ter un evento xa consolidado e que teña una identidade propia dentro da programación cultural de Galicia”.

Así, agradecen a colaboración do Concello de Sarria, pero son conscientes de que “esa achega doutras liñas de financiamento acabará dándose, porque temos entre mans un proxecto singular e con moito futuro. Nós non buscamos un evento cunha repercusión local, queremos crear algo que vaia máis aló. E temos todos os ingredientes para facelo posible”.



REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

CI. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864
electronova@mun-do-r.com

ELECTRONOVA

ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

Equipos de aire acondicionado y ventilación



DESCUBRE NUESTRAS OFERTAS

O BNG decidiu absterse na investidura de Garrido



Desde o partido nacionalista de Sarria informaron de que se abstiveron na investidura do alcalde de Sarria e non entraron a formar parte do goberno municipal como unha "postura clara do BNG de pór freo aos gobernos da dereita e da extrema dereita".

Así, explican que decidiron non entrar a formar parte do goberno porque "non nos une o proxecto que temos para Sarria co proxecto que representa Camiña, un partido independente, sen unha ideoloxía clara", argumentan.

Ademais, explican que "durante o pasado mandato chegamos a varios acordos co goberno do Sr. Garrido e non cumpriron ningún. Entre eles, o programa de promoción do comercio local ou a reforma do polidepor-

tivo do colexio Frei Luis de Granada, polo que estes incumprimentos dificultan a confianza que poidamos ter co goberno de Camiña", comentan. Tamén denuncian que nos últimos catro anos, Sarria "retrocedeu en temas tan importantes coma o feminismo e o camiño cara a unha igualdade real, con posturas tibias ante certos actos e o máis grave o peche do CIM, que deixa sen lugar de referencia a onde acudir a todas as vítimas de violencia de xénero da comarca; o uso do galego nos actos oficiais e nos plenos reduciuse á mínima expresión e desapareceron todas as campañas de promoción da nosa lingua; e a programación cultural foi pobre carente de identidade, e dependente doutras administracións", sosteñen.

Oural supera algúns valores contaminantes máximos establecidos pola OMS



O informe anual sobre a calidade do aire de Ecoloxistas en Acción recolle que Oural, en Sarria, superou o valor máximo diario de dióxido de xofre (SO₂) recomendado pola OMS no 2022. Este suceso explícase pola influencia das emisións de Votorantim Cementos Oural.

Por outra banda, tamén na mesma zona, Ecoloxistas en Acción subliñaron que no Oural afectaban en gran medida as partículas en suspensión PM₁₀ e PM_{2,5}, que superaron os valores recomendados pola OMS.

Así, durante 2022 a calidade do aire en Galicia empeorou con respecto aos anos 2020 e 2021, cun aumento dos niveis de ozono troposférico e máis matizado de partículas en suspensión (PM₁₀ e PM_{2,5}) e dió-

xido de nitróxeno (NO₂).

Porén, explican que se se toman os estándares da normativa en vigor, máis laxos que as recomendacións da OMS, non habería poboación que respirou aire contaminado nin superficie exposta a niveis de contaminación que danan a vexetación, por riba dos límites legais.

Desde Ecoloxistas en Acción cren necesario promover "o aforro enerxético, adoptar as mellores técnicas industriais dispoñibles, pechar as centrais térmicas de combustibles fósiles, penalizar o diésel, reducir o uso do avión, designar unha área de control das emisións do transporte marítimo e unha moratoria das novas macrogranxas gandeiras".

Máis de 134 artistas expoñerán na Bial



A 12ª edición da Bial de Sarria volve á antiga prisión de Sarria despois de catro anos sen celebrarse, e manterase ata o vindeiro 27 de xullo.

O horario de apertura para que as persoas interesadas visiten a exposición é de 11.00 a 17.00 horas, durante as cales poderanse ver cubos de 20x20 centímetros deseñados por 134 artistas de 25 países do mundo.

A temática destas reproducións artísticas é libre, así como a súa técnica, polo que haberá pinturas, collage, fotografías, resina, gravado e debuxo; que forman parte de 'Explo3', unha mostra itinerante que naceu no 2020 en Casablanca.

Ademais desta, a antiga prisión tamén acolle a exposición permanente *El árbol interior*, do escultor sarriano José Díaz Fuentes, que reúne 300 obras, algunhas das cales xa estiveron expostas no Museo Provincial de Lugo.

PSOE, BNG e PP mostran o seu desacordo coa subida das retribucións

O primeiro pleno de organización de Sarria acabou co malestar dalgun dos concelleiros logo de que o alcalde, Claudio Garrido, propuxera incrementar o gasto en retribucións ao total dos membros da corporación a un total de 100.000 euros, mentres que o ano pasado cobraban un total de 76.650 euros.

Ademais, propuxo un incremento do 50 % en asistencias aos plenos e xuntas de goberno e unha subida dun 100 % a asistencia ás comi-

sións informativas.

Tanto o portavoz do BNG, Efrén Castro, como a do Partido Popular, Carmen José López, como o do Partido Socialista, Benjamín Escontrela, amosaron o seu desacordo contra esta medida e finalmente Claudio Garrido retirou a proposta asumindo "o meu error". Pola súa parte, Efrén Castro criticou que só houbera unha reunión inicial para presentar a proposta e logo xa a propuso no pleno, sen negociar cos diferentes partidos;

argumento que compartiu o portavoz socialista, Benjamín Escontrela.

Con respecto ao grupo popular de Sarria, Carmen José López defendeu que, de aprobarse, "estaríamos ante a corporación máis cara da historia de Sarria". Ademais, sostivo que a situación económica actual do concello de Sarria "non está como para aprobar estes importes e, polo tanto, dentro da nosa responsabilidade non podemos mostrar conformidade".

A beleza simétrica da comarca é a obra do IES Gregorio Fernández

O alumnado do IES Gregorio Fernández de Sarria desenvolveu un traballo transversal durante o curso 2022-2023 que resultou nunha exposición de fotografías, maquetas, trípticos, acuarelas, videodocumentais e textos baixo o nome de *A beleza simétrica na comarca de Sarria*.

Este labor, desenvolvida coa axuda de diversos departamentos do ins-

tituto, recollen a memoria dos veciños e veciñas da comarca sarriá mediante todo tipo de elementos, tanto escritos como audiovisuais. Así, está recollida a historia do barqueiro de Santa Marta do Loio, do mosteiro de San Facundo de Ribas de Miño, da igrexa trasladada de Santa María de Ferreiros, da cadea da igrexa de San Fiz, do hospital do Incio, entre outras.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS **6€ +IVA**

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

Un verán de festa en festa

As localidades da provincia programan na época estival diferentes citas culturais, históricas e musicais

A MARIÑA

A Mariña cobra especial relevancia durante o verán pola cantidade de festas que se celebran.

Así, nas relacionadas con recreacións históricas destacan a **Festa Normanda de Foz**, que será os días 24, 25, 26 e 27 de agosto, e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense; a **Romaxe Vikinga do Vicedo**, que se celebra na praia de Area Grande o sábado 29 de xullo; o **Mercado Medieval de Mondoñedo**, que chega a súa XXXI edición o 11, 12 e 13 de agosto; e o **Mercado Medieval de Alfoz** que adoita celebrarse a mediados de xullo e que conta con espectáculos, música en vivo, exposicións e moita diversión.

O culto á **Virxe do Carme**, o 16 de xullo, está especialmente arraigado nos pobos da Mariña coma Foz, O Vicedo, Burela, Ribadeo e Viveiro, que celebran vistosas procesións marítimas en homenaxe á patroa.

A comarca tamén conta coas exaltacións gastronómicas como a **Feira do Bonito de Burela** que é a primeira fin de semana de agosto.



O porto de Celeiro convértese a mediados de xullo no escenario onde se rende homenaxe á raíña das súas capturas coa **Festa da pescada do pincho de Celeiro**.

Na **Festa do Percebe de Rinlo**, que adoita celebrarse a primeiros de agosto malia que depende das mareas, os asistentes poden degustar este exquisito crustáceo a prezos inmejorables.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

Coincidindo co Día da Gaita Galega, o 4 de agosto, o miradoiro de Santa Cruz, no monte de Ove, acolle a **Romaría de Santa Cruz de Ribadeo**, unha tradicional xira animada por grupos de gaitas e ofrendas florais.

As **Festas de San Lourenzo de Foz**, o 10 de agosto, son as festas por excelencia da vila focega, cuxa poboación se multiplica en agosto grazas á afluencia de veraneantes.

O sábado 12 de agosto, San Cibrao enxalza a súa cultura mariñeira recreando a lenda da súa famosa serea coñecida como **A Maruxaina**. Neste día, a xente do mar porta polas rúas á serea nunha procesión que culmina na praia do Torno, onde se lle realiza un particular xuízo que termina co seu indulto.

A **Queimada Popular de Cervo**, que adoita ser o sábado seguinte á Maruxaina, reúne na vila a milleiros de visitantes xunto cun bruxo vestido de palla encargado de pronunciar o esconxuro.

Os últimos días de agosto, a contorna do río Landro, convértese en punto de encontro para milleiros de persoas que durante varios días gozan da **Romaría do Naseiro**. Neste lugar levántase un auténtico poboado con cabanas feitas ex profeso para desfrutar da festa.

Outro tipo de celebracións como son a **Festa dos Chóferes de Alfoz**, á que adoitan acudir centos de ve-



hículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos. Esta cita será o 28, 29 e 30 de xullo; os tradicionais festexos do **Conde Santo de Lourenzán**, a última fin de semana de agosto, e a **Mostra Folclórica Internacional de Viveiro** que posicione a vila como un referente cultural durante a primeira fin de semana de agosto.

TERRA CHÁ

A cita principal é a **Feira da Cantería, Callos e Artesanía**, que se celebra a mediados de xullo en Parga. Tamén nesta localidade ten lugar outra cita de interese, para abrir agosto, o **Festival de Pardiñas**, que é Festa de Interese Turístico de Galicia. Xa a mediados deste mes, tamén se celebra na localidade dos Vilares a **Romaría Labrega da Chaira**, de exaltación do traballo no campo, na carballeira do Cancelo. En **Rábade** as festas patro-

nais son no mes de agosto, a mediados. Non son unhas festas ao uso xa que varias actividades son moi destacadas. As festas dan comezo cun festival folk (**Rabafolc**) e conta no programa coa Esbatuxada, o descenso do río Miño en embarcacións de fabricación caseira; o Subidón dos avós, a tradicional carreira de avós e netos, ou a descarga pirotécnica.

Polas mesmas datas son as festas de **Meira**, nas que unha extensa programación que conta con merendas, carreira e **Xira** campestre, remata coa tradicional **Malla**, que é Festa de Interese Turístico Galego, sempre cara finais do mes de agosto, cunha malla no centro da localidade con exposición de maquinaria antiga incluída. En Meira tamén se recuperou o **San Cristóbal**, que se celebra a mediados de xullo. Malla tamén hai nas mesmas datas en Castro de Rei e en Friol, esta última de recente creación grazas ao colec-

GESTEGA
OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL

GESTIÓN CINEGÉTICA • PROYECTOS AGRÍCOLAS
PROYECTOS FORESTALES • TOPOGRAFÍA
GESTIÓN CATASTRAL • REPOBLACIONES FORESTALES
ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)
Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

INFANTIL PRIMARIA ESO

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

COMARCA

Comezaron as viaxes á praia desde Paradela e O Páramo



Os concellos de Paradela e do Páramo organizan, un ano máis, varias viaxes á praia durante este verán nos meses de xullo e agosto para as persoas interesadas, estean ou non empadroadas nestes municipios.

O PÁRAMO. Pola súa parte, o Concello do Páramo organizará as súas saídas o 12, a Covas; o 19, a Ares; e o 26 a Foz; mentres que en agosto a primeira será o 2, a Cedeira; o 9, a Tapia de Casariego; o 16, a Barreiros; o 23, a Pontedeume; e o 30, a San Cibrao.

Estas saídas turísticas serán gratuítas para os nenos de 0 a 3 anos empadroados no Páramo, mentres que os de 4 a 10 anos terán que pagar un custo de 4 euros e os maiores de 10, terán que pagar 7 euros. No caso das persoas non empadroadas, o custo será de 7 euros para os menores de 7 anos e de 12 euros para os maiores de 10 anos.

Todas estas viaxes terán como punto de saída o Mercado Gandeiro ás 08.30 horas, no caso de Paradela, e o Campo da Feira do Páramo ás 09.00 horas, no caso do municipio paramés.

PARADELA. Así, durante o mes de xullo, as viaxes desde Paradela serán os días 13, a Miño; o 20, a Foz; e o 27, a Riveira. Pola súa parte, no mes de agosto as saídas serán o día 3, a Montalvo; o día 10, a Viveiro; o día 17, a Boiro; o día 24, a Ares; e o día 31, a San Cibrao.

Con respecto aos prezos, será de 7 euros para as persoas empadroadas de máis de 14 anos, mentres que os menores empadroados poderán desfrutar destas viaxes gratis. Pola súa parte, as persoas que non están empadroadas terán que pagar 12 euros, no caso de ser maiores de 14 anos, e de 6 euros no caso de ser menores.

O Incio, Triacastela e Samos acollerán a Furgoteca neste mes

A Furgoteca volverá a percorrer distintos concellos da comarca de Sarria estes vindeiros días de xullo para achegar aos máis pequenos e maiores a lectura de diferentes obras de contos, teatro, ensaio, cómics, música, cinema ou xogos.

Así, a primeira parada foi no Incio e seguirá en Triacastela o vindeiro 14 de xullo, día no que comezará o seu percorrido en San Salvador de Toldaos ás 11.00 horas e despois irá pasando por Santalla de Alfoz, por Cancelo, por Viduedo, por Lamas de Viduedo e rematará na Praza do Concello de Triacastela ás 15.00 horas.



Tamén estará durante o 28 de xullo, de 11.00 a 11.30 horas e de 12:30 a 15.00 horas na Praza

do Concello de Triacastela.

Con respecto a outros concellos, a Furgoteca volverá ao Concello do Incio o vindeiro 22 de xullo durante tres horas, desde as 12.30 ata as 15.00 horas, en concreto, diante do Centro Sociocultural de Santa Cruz do Incio.

Por último, o 24 de xullo, Samos acollerá de novo a presenza da Furgoteca, que percorrerá as distintas parroquias do municipio desde ás 11.00 horas. Así, comezará en Samos, irá ata San Martiño do Real, despois a San Cristovo do Real, logo a Renche, a continuación a San Cristovo de Lúzara e, por último, rematará ás 15.00 horas en Castroacán.

Cada litro conta é a campaña sobre o aforro de auga nas casas

Augas de Galicia impulsa a campaña de comunicación Cada litro conta, co obxectivo de lembrarlle á cidadanía a importancia de non desperdiciar a auga e concienciar sobre o aforro de auga. Con ela, apélase a que os galegos e galegas incorporen pequenas rutinas domésticas que axuden a un consumo responsable deste ben común.

NA CASA. Algúns dos consellos que se lanzan na campaña se refiren aos electrodomésticos do fogar, como poñer a lavadora ou o lavalouzas só

cando estean cheos.

Tamén indican que é recomendable utilizar cuncos para lavar os pratos, usando unha das cubetas do vertedoiro para enxabonar e a outra para aclarar, no caso dos fogares que teñan dúas.

Con respecto aos alimentos, débense desconxelar a temperatura ambiente, e nunca baixo a billa.

Desde a Xunta informan de que a través dunha billa aberta corren ata 12 litros de auga por minuto, polo que debe pecharse cando non se utilice, como cando un se cepilla os dentes,

se afeita ou se enxabona na ducha.

Pola súa parte, nos cuartos de baño que non son de dobre descarga, desde a Xunta aconsellan meter dentro da cisterna unha ou varias botellas de plástico cheas porque, así, cada vez que se tire da cadea aforranse entre dous e catro litros.

Tamén cren importante o uso de atomizadores, xa que o seu uso aumenta o chorro con menor cantidade de auga.

Da mesma forma, son recomendables as billas monomando.

Muévete a BigMat viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

BAR Montecarlo

Nuestra carta en tu mano
Comida y cafés para llevar

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

A FONDO

Unha linguaxe case universal

José Montes é o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, quen nos amosa a súa visión desta sinalización

O pasado 2 de xaneiro entrou en vigor o proxecto do Real Decreto para modificar e actualizar o Regulamento Xeral da Circulación, que inclúe a modificación, actualización e renovación de sinais de tráfico, co fin de adaptarse ás novas circunstancias de mobilidade e das sociedades das cidades actuais, nas que peóns e vehículos teñen que convivir, cada vez máis, en harmonía.

Así, eliminaranse sinais que a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) considera inservibles, actualizaranse outras cambiando de deseño ou de topografía e incorporaranse tamén algunhas sinais que ata o de agora non estaban presentes nas diferentes vías de circulación pero que agora, cos novos cambios sociais, son necesarias.

Unha das novidades desta iniciativa é que a nova sinalización ampliará o seu campo de actuación, estendendo estas a toda a rede de estradas do país, mentres que cumpre o obxectivo de mellorar a seguridade dos usuarios nas vías, así como facilitar a visibilidade e a comprensión das mensaxes das sinais.

Estes cambios non se introducirán aínda, xa que entrou en vigor o proxecto do Real Decreto, pero aínda non se aprobou o cambio do Regulamento Xeral da Circulación, que se leva a cabo a través dunha lei orgánica. Cando se aprobe e se publique esa lei orgánica no Boletín Oficial do Estado, ademais, tardará tres meses en entrar en vigor, tal e como defende José Montes, presidente da Asociación Galega de Autoescolas

(Agada) desde novembro de 2021. Nesta asociación, o obxectivo, tal e como explica o lugués Montes, "é defender os intereses comúns das autoescolas e, no día a día, é estar en contacto coas xefaturas provinciais de tráfico para comunicarlles os cambios que hai". Na súa opinión, é algo "positivo que se actualicen os sinais", xa que "se se actualizan as normas, téñense que actualizar tamén as sinais, que sempre quedaron nun segundo plano e hai algunhas antigüísimas, como o sinal do paso a nivel con barreiras, que a cancela que aparece aí, hoxe en día, non ten sentido", argumentou.

VIDA DOS LUGUESES

Segundo o presidente da Asociación Galega de Autoescolas, "todos os cambios son para ben" no caso desta renovación das sinais de tráfico, pero hai algunhas que destacan. Por exemplo, a do xabaril, xa que ese animal "está por todos lados en Galicia e é moi importante que se saiba nos tramos onde hai máis, aínda que nunca é suficiente", defendeu José Montes.

Por outra parte, comenta que en Lugo cidade está moi á orde do día o sinal dos patinetes eléctricos, así como o resto de sinais que se refiren a este vehículo e á bicicleta, como a do carril bici, que "agora temos un en Lugo e é importante sinalalo", comenta. "Cada vez hai máis carril bici e a min parécese ben porque é un vehículo alterna-



tivo que contamina menos e que ademais é moi saudable". Como novidade, o sinal R-120 indica o acceso a Zonas de Baixas Emisións, que se programou para cidades de máis de 50.000 habitantes, polo que Lugo será a única localización da provincia que se aterá a esta nova estrutura de circulación. Así, será o recinto interior da Muralla o que prohibirá o paso a coches que non leven a eti-

queta B, C, ECO ou 0 Emisións. "A intención é que as cidades teñan menos contaminación, polo que me parece ben, os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio", explicou José Montes. No caso de non ter esta etiqueta e entrar no casco histórico lucense, os condutores poderán ser multados cunha sanción de 200 euros.

"A intención é que as cidades teñan menos contaminación. Os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio"



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% verde. Cómpralo en 130 euros/año.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de **XENERA**



Muebles Celeiro

A TÚA OFICINA NA CASA

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Crta. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

Novas necesidades, novos sinais

A Dirección Xeral de Tráfico, DXT, introduce novos sinais de tráfico e moitos deles están dedicados aos novos vehículos que tamén deixarán de ser visibles varios sinais das vías de circulación. No caso das que se actualizarán, son por motivos como son as bicicletas e os patinetes eléctricos, mentres



O cambio na sinalización da circulación, tal e como explica Ana Blanco, subdirectora adxunta de Circulación na DXT, ten como finalidade adaptarse á mobilidade de hoxe, adecuando aspectos de sinalización a cambios no ámbito da mobilidade, sobre todo con respecto ás modificacións da tecnoloxía dos vehículos, como os patinetes eléctricos, presentes xa asiduamente na nosa vida.

Ademais, esta sinalización tamén ten como obxectivo mellorar a comprensión das sinais por parte de todos os usuarios das vías para garantir a seguridade viaria e os desprazamentos efi-

cientes.

Desta maneira, “a sinalización será o instrumento básico para a seguridade viaria, de forma que transmita información de forma sinxela sen xerar mensaxes ou significados confusos”, como sinalan os principios da Convención de Viena.

Por último, outro obxectivo que ten este novo cambio é unificar a sinalización urbana, xa que anteriormente cada cidade tiña aprobada unhas sinais, é dicir, cando un responsable autonómico vía unha necesidade de sinalización no seu lugar de actuación, ideaba un sinal propia e distinta a doutros municipios.

En total, a Dirección Xeral de Tráfico introduce arredor de 130 modificacións, que se refi-

Os sinais novos e actualizados serán unha realidade nas cidades e nas vidas dos condutores e peóns

ren a introducións de novas sinais, actualizacións de sinais en canto á súa tipografía, tamaño

e deseño; e tamén desaparecen algunhas sinais. Aquí trataremos as máis novidasas e as que formarán parte da nosa vida diariamente.

Estas sinais verticais que aparecen novas, desaparecen ou cambian convivirán, probablemente, con sinais horizontais que quizais, durante un tempo non se corresponden coa novidade, polo que, en caso de atopar un sinal vertical e un sinal horizontal no mesmo lugar, ¿a quen debemos facerlle caso?

A orde de prioridade entre sinais é a seguinte: os axentes da autoridade responsables do tráfico están na cúspide da orde da

circulación, polo que se hai un axente indicando algo contradictorio a un sinal vertical ou horizontal, deberáselle facer caso á autoridade. En segundo lugar, as sinais que máis mandan son as circunstanciais ou de balizamento, que indican unha orde temporal por causas xustificadas, como as dunha obra. En terceiro lugar, están os semáforos e, despois, as sinais verticais, ás que debemos atender antes das horizontais ou tamén chamadas marcas viarias, que están por debaixo en prioridade das verticais, son as últimas ás que debemos atender, aínda que, se son as únicas, é imperativo cumprir o seu mandato.

A Pobra de San Xiao xa conta coa súa nova rotonda



Láncara xa conta cunha nova rotonda de entrada á Pobra de San Xiao desde a LU-546 que inclúe unhas grandes letras co nome da localidade, que ademais están iluminadas, para que as persoas que cheguen á Pobra de San Xiao teñan claro onde están. A obra fora adxudicada á empresa Ovisa por un custo de 290.000 euros que financiou o Concello de Láncara despois de modificar un crédito, un cambio aprobado

polo pleno para poder contar na vila con esta infraestrutura de 33 metros de diámetro e que ademais conta con céspede artificial.

Así, durante dous meses leváronse a cabo os traballos para expropiar uns terreos de 162 metros cadrados, acometer as actuacións necesarias na vía e instalar a nova rotonda, que ademais inclúe no proxecto incorporar no futuro un carril bici.

Establecen puntos de recollida para as viaxes veciñais de verán

O Concello de Láncara organiza, a través da Concellería de Deportes, Cultura, Xuventude e Turismo, as súas viaxes de verán ás diferentes praias de Galicia e ata de Xixón durante os meses de xullo e agosto.

Así, comezaron o 1 de xullo, coa saída á Praia de Miño; e seguirán o 15 de xullo irase ata Ares; o 22 de xullo a praia a visitar será a de Benquerencia, en Barreiros; e o 29 de xullo as participantes irán ata Foz.

Xa no mes de agosto, as saídas terán lugar a partir do 5, que a excursión será á Praia de Riazos, na coruña; o 12 de agosto viaxarán ata a Praia de San Lorenzo, en Xixón; o 19 de agosto



to a saída será á Praia de Ber, en Pontevedra; e por último, o 26 de agosto, a saída será á Praia de Sanxenxo. Estas viaxes terán un custo diferente, segundo a zona á que se vaia. Así, na

zona das Rías Altas, o prezo será de 5,50 euros para os nenos de 4 a 10 anos, e de 12 euros a partir dos 10 anos; mentres que os nenos de 0 a 3 anos non terán que pagar nada. No caso das Rías Baixas, entre 0 e 3 anos será gratuito, pero de 4 a 10 anos o custo ascenderá a 7 euros e a partir e 10 anos, o custo será de 15 euros por persoa.

Ademais, haberá diferentes puntos de saída, segundo o lugar de recollida: Sairase desde Cedrón ás 8.15 horas, mentres que desde a Reboleira, Carracedo e Láncara sairase ás 8.30 horas. Por último, desde A Pobra de San Xiao sairase ás 09.00 horas.

Láncara acolle este verán dous campamentos para nenos e rapaces

O Concello de Láncara organiza os seus campamentos de verán para nenos e nenas de 4 a 10 anos e para rapaces de 10 a 17 anos en dous propostas diferenciadas.

Así, o primeiro será un programa de conciliación 'Diver mañás' do 3 de xullo ao 31 de agosto para os nenos e nenas máis pequenos, de 4 a 10 anos, ao que xa se poden apuntar as familias interesadas nas oficinas municipais ou na sede electrónica de Láncara.

Por outra parte, os rapaces de 10 a 17 anos tamén poderán desfrutar de actividades de ocio este verán en Láncara no Verán Campus Xuvenil 2023, que terá



lugar do 10 de xullo ao 30 de agosto de luns a venres polas mañás.

Neste segundo campamento haberá actividades deportivas de pádel, bádminton, fútbol sala,

volei... pero tamén actividades sociais, rutas de sendeirismo, charlas, talleres de manualidades, reciclaxe, xogos tradicionais, andainas, xogos de mesa e moito máis.



SESIÓN VERMÚ. A Asociación Cultural Val de Láncara organizou o domingo 2 unha sesión vermú amenizada "polo mellor grupo de versións de Galicia", segundo defenderon. Referíanse ao grupo La Disquetera, que deu un repaso dos grandes éxitos da música española e internacional.

MONTAJE DE MUEBLES

Lito

MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Polig. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

triacastela

A segunda Casa Niño, co nome Vivarachos, abrirá en setembro

O vindeiro mes de setembro abrirá a segunda Casa Niño de Triacastela da man de Jennifer López, unha muller sarriá de 25 anos que conseguiu a autorización da Consellería de Educación para poñer en marcha o proxecto.

Así, a Casa Niño instalarase nunha das aulas do CEIP Eduardo Cella Vila de Triacastela ao inicio do vindeiro curso escolar para ofrecer un servizo de conciliación familiar engadido ao que xa proporciona a actual Casa Niño coa que conta o Concello de Triacastela.

Como as demais Casa Niño, Vivarachos, que é o nome que caracterizará a esta nova instalación, contará con cinco prazas gratuítas para nenos e nenas de entre 0 e 3 anos empadroados no Concello de Triacastela, que poderán desfrutar do servizo de luns a venres durante todo o ano, salvo os festivos.

A directora, que fixo un estudo sobre a viabilidade do proxecto,



defende que son moi importantes este tipo de iniciativas para fomentar que a xente poida seguir vivindo no rural.

MÁIS SERVIZOS. O Concello de Triacastela é un dos pioneiros en contar co maior número de Casas do Maior en proporción aos habitantes do municipio, xa que conta con tres: Xeroser, Escola de Vilar e Prado. Grazas a estes lugares, os veciños

reúnense para facer actividades de todo tipo para combater a soidade e exercitar as súas habilidades. Así, ao igual que as Casas Niño, as dos maiores contan con cinco prazas cada unha para persoas de máis de 60 anos.

Con todos estes recursos, Triacastela, a pesar de contar só con 629 habitantes, é un municipio que conta con servizos básicos para manter a súa poboación no rural.

Arthur Manton asinou no Libro de Ouro do Concello de Triacastela



O pintor inglés Arthur Manton, afincado na aldea da Balsa, Triacastela, desde hai 16 anos, vaixe unha temporada a Londres para expoñer por cuarta vez as súas obras no Castelo de Windsor coa mostra *Evolvement*.

Manton, que abriu a Art's Gallery no concello da comarca sarriá para amosar a súa arte a peregrinos e visitantes, asinou no Libro de Ouro do Concello de Triacastela.


Ademais, tamén deixou unha das súas creacións que pintou na súa galería da Balsa e que permanecerá para sempre nas súas páxinas. Manton pinta principalmente a natureza que o rodea.

O Festival Tremeterra acollerá doce concertos

A segunda edición do Festival Tremeterra do Incio celebrarase os vindeiros 1 e 2 de setembro e os organizadores xa presentaron o cartel completo, que indica os grupos que van actuar durante eses dous días, así como o horario de cada un.

Este encontro da cultura Sound-system que se celebra con acceso gratuíto na contorna do Encoro de Vilasouto, concretamente na localidade de Eirexalba, ten como obxectivo impactar no eido local, tratando de crear unha alternativa de ocio para a xente da zona, dinamizando a contorna e facéndoa máis atractiva e activa ás novas xeracións.

PROGRAMA. O venres, 1 de setembro, comezará a xornada co concerto de Submission, de 17.30 a 19.30 horas, seguido de Simma Dub, de 19.30 a 21.00 horas, momento no que comezará Didubz, que rematará ás 22.30 horas para dar paso a Vibronics ft Marina P ata as 00.30 horas. Xa de madrugada, será a quenda de Pintega vs Bassdealer, que amenizarán a noite ata as 02.30 horas, pero non será o último concerto, xa que nese momento, entrará no panorama musical Dub mono HiFi, que manterán o ritmo ata as 04.30 horas.



Pola súa parte, o sábado 2 de setembro pola mañá haberá dous talleres, un ás 12.00 e outro ás 13.00 horas, e unha mesa aberta. E pola tarde comezará de novo a música, con La Madriguera, de 15.30 a 18.00 horas. A partir das 18.00 e ata as 20.00 horas será a quenda de North Patrol ft Tenor Mario & Black Galic, quen dará paso á actuación de Alpha Steppa ft Sista Awa, ata ás 21.30 horas. Os últimos grupos en actuar neste festival serán Baku x Kodama, de 21.30 a 23.30 horas; High Nebra ft Indra Mc, de 23.30 a 01.30 horas; e Subtroopers, que non pecharán a noite no Incio ata as 06.00 horas do domingo 3 de setembro.

Un apeo de finais do século XVIII foi o protagonista do Día Internacional dos Arquivos

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades conmemorou o Día Internacional dos Arquivos coa difusión dun apeo de finais do século XVIII que delimita e describe a aldea de Ferrería do Incio.

Os actos incluíron a presentación do documento orixinal e da publicación coa descrición arquivística. O texto corresponde aos protocolos nota-

riais de Sarria e trátase dun apeo de 1789 que describe detalladamente o lugar, incluíndo a ferrería que lle dá o nome e que está completamente desaparecida. Non quedan restos que permitan localizar o lugar exacto que ocupaba, pero a microtoponimia si se conserva e o documento ofrece pistas para sitala.

A Ferrería do Incio era unha das moitas que había antigamente na zona, o que nos fala da calidade do mineral na provincia que se extraía en explotacións preindustriais. Precisaban de grandes cantidades de leña para fundir o mineral, polo que era fundamental delimitar o territorio no que se podía apañar a leña en exclusiva, e máis cando o territorio está, como era este caso, próximo a poderosos veciños que tamén explotaban o ferro nas súas propias fraguas, como o Mosteiro de Samos.

O texto foi redactado por Pedro Rodríguez Mallo, escribán do número da xurisdición do Incio, da que era titular a Encomenda de Quiroga, e veciño de San Fiz de Rubián.

maderas grandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

PINTURAS HOGAR
LATAS
tel.: 659 76 79 36

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

“Esperamos que Dakidarría faga un concertazo no festival”

O Terra Brava, que será o 25 e 26 de agosto, chega á súa décima edición

Falamos con Miguel Valcárcel Silva, presidente da Asociación Terra Brava do Incio e organizador da XX edición do Festival neste 2023.

Como naceu a idea de promover este festival?

O festival naceu no ano 2003 coa idea de traer actividades culturais ao pobo e promover a música galega.

Como foron os comezos?

Os comezos foron nunha carballeira pequena e facíase o xantar e os concertos na mesma carballeira. O primeiro ano foi no 2003 cos grupos Barallete, Quempallou, O Jarbanxo Negro e foi presentada por Xurxo Souto.

Por que a elección da súa celebración nesas datas de agosto?

Cando se empezou a organizar a primeira edición, fíxose en agosto porque é cando hai máis xente no pobo e xa quedou así.

Cambiou moito a forma de organización desde o principio ata agora?

A organización segue sendo moi parecida. É un festival feito coa participación e implicación de moita xente do pobo e moito traballo, xa que tampouco contabamos con moita aportación das administracións como en outros festivais.

Mudou o estilo de música polo que apostaban ao principio con respecto a agora?

Si, algo mudou, xa que antes era cara a un 50 % de música tradicional e agora, aínda que en todas as edicións se procura traer sempre algún grupo tradicional, apóstase tamén por máis xéneros musicais.

Fan 20 anos desde a primeira edición, como se senten?

Pois moi ben, pero tamén moi cansos, xa que hai que facer moito traballo para conseguir sacar adiante novas edicións.

Como é o a acollida por parte dos veciños do Incio?

Os veciños nunca faian no festival. Practicamente, no xantar está todo o pobo, polo que a aceptación é boa, xa que facemos que se unan todos os veciños.

E por parte dos visitantes e os turistas?

Moi ben tamén. Ademais, cada

ano vén máis xente, incluso o ano pasado acudiron persoas de varios países.

Teñen apoios institucionais? De quen?

Podemos afrontar unha nova edición grazas á axuda que que todos os anos dá o Concello do Incio. Este ano, ademais, temos unha pequena colaboración da Deputación de Lugo e da Xunta por primeira vez, pero son insignificantes con respecto a outros festivais aos que aportan moitos máis fondos, co cal desmoralizan moito á hora de afrontar novas edicións.

evento?

Todos, xa que son todas bandas moi boas e esperamos que Dakidarría faga un concertazo, xa que está de XX aniversario, ao igual que o Terra Brava.

Que proxectos futuros teñen en mente?

De momento seguir nesta liña e, se se consegue máis colaboración das institucións, seguir medrando e sobre todo que non se perda esta tradición de darlle vida ao rural, neste caso, no Concello do Incio.



Como vai ser esta edición número 20 do Festival?

Este ano ampliamos a dous días o festival, incluíndo obradoiros para nenos na Praza do Incio. Ademais, haberá actuacións dos alumnos das clases de música tradicional do Incio o venres e o sábado. Así, haberá actividades e música, así como os concertos principais, durante todo o día, desde a mañá a noite.

Cales son os grupos que máis van impresionar aos que acudan ao

Como valoraría este evento no contexto do Concello do Incio e na comarca de Sarria?

Sen dúbida, é o festival máis grande e lonxevo da comarca de Sarria, polo que pasaron moitísimas bandas e das máis importantes a nivel estatal. Para o Concello do Incio é unha publicidade moi boa e dá a coñecer o pobo a moita xente que esa fin de semana vén desfrutar; pero tamén para os negocios locais, xa que tamén se benefician dunha gran aportación económica, pero tamén social e cultural.



Programa festivo

Os organizadores do Festival Terra Brava do Incio xa presentaron o cartel coas actuacións musicais que terán lugar os vindeiros 25 e 26 de agosto no municipio da comarca sarriá.

Así, os grupos participantes desta edición serán: Louband, Xerezade, Fillas de Cassandra, Dakidarría, Tandub e DJ Elías Viera, grupos galegos que porán en valor o traballo de grupos galegos por facerse oír nun contexto no que cada vez se aposta máis pola creación musical propia.

Ademais das actuacións musicais, o día 25, venres, organizarase un obradoiro para nenos na praza do Incio e o día 26, sábado, haberá unha sesión vermú e un xantar po-



pular, que virá acompañado de actividades para nenos. Os organizadores do Terra Brava contan este ano coa colaboración do Concello do Incio, da Deputación de Lugo, da Asociación As Xeitosas e da Xunta de Galicia.

Paradela precisa monitores de lecer para o seu campamento

Búscanse profesionais para traballar durante o mes de xullo no Campamento de Verán para nenos de Paradela.

Así, as persoas que teñan formación en Monitor de Ocio e Tempo Libre, os Técnicos en Actividades Socioculturais, ou en Animación Sociodeportiva, ou en Animación Sociocultural e Turística ou en Ensino e Animación Sociodeportiva, ou en Educación Infantil, ou en

Integración Social ou Auxiliares en Educación Infantil ou Xardín de Infancia, poderán requirir este posto.

O campamento desenvolverase de luns a venres en horario de 10.00 a 13.00 horas durante o mes de xuño e as persoas interesadas en este emprego deberán mandar o seu currículo a coesco@coescoformacion.com.

o páramo

As Feiras de Primavera premiaron a seis explotacións gandeiras



A XLV edición das Feiras de Primavera do Páramo foron todo un éxito, segundo o Goberno local, que resaltou a cantidade de xente que se achegou ao campo da feira durante os tres días.

O venres, día no que comezou este evento, o momento máis destacable foi o pregón a cargo de Jaime Lago, quen resaltou o traballo da asociación Amigos do Campo da Feira, que "levan a cabo un duro traballo para organizar as primeiras Feiras de Primavera, que foron un éxito,

e pouco a pouco colleron auge". O sábado, pola súa parte, foi o gran día da Feira da Gando Vacún, no que se celebrou o concurso de vacún, no que participaron 140 animais e 27 vacas foron premiadas de seis ganderías do Páramo, Samos e Lánchara.

Xa o domingo tivo lugar o día con máis afluencia de xente, xornada na que tivo lugar a Feira Cabalar, que contou co pase de domar cabalar con Duende Ecuestre de 'Carracedo Burgos'.

Vaise mellorar e acondicionar a praza pública de Pacios

A praza pública de Pacios, do Concello de Paradela, vai ser mellorada despois de que a Xunta de Galicia acabe de licitar por máis de 227.000 euros a obra de mellora deste espazo de Paradela, tal e como recolle o convenio asinado o pasado mes de marzo entre o Goberno autonómico e o Concello.

A actuación, que conta cun prazo de execución de 4 meses, ten como obxectivo mellorar a praza localizada diante da antiga casa do Concello, un espazo con escaso equipamento urbano e fortemente delimitado polos pechos das



propiedades privadas.

Así, a obra consistirá, fundamentalmente, na pavimentación do solo con pedra, na reparación de

sumidoiros e a incorporación de alumbeado e mobiliario urbano, como bancos de pedra e papeleiras.

A artista Estefanía Padulles pintou varios murais no CEIP de Paradela durante este curso



CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela conta este ano con murais novos en diversas aulas e espazos do centro educativo grazas á ilustradora, escritora e colaboradora do colexio Estefanía Padulles.

Estes murais, que se atopan na sala do comedor do colexio, así como nos corredores e nalguna aula, forman parte do proxecto artístico da autora,

quen tamén pintou o ano pasado un mural na biblioteca do colexio.

Así, mediante figuras infantís, diferentes cores e motivos naturais do bosque, nos que se integran animais como o corzo, o esquío ou o xabaril; mellórase a capacidade dos nenos e nenas do colexio por recoñecer a natureza no seu propio centro educativo.

Aberto o prazo de inscrición para os cursos de natación

Xa está aberta a inscrición para os cursos de natación que organiza o Concello de Paradela para nenos e adultos nas piscinas municipais de Paradela durante os meses de verán.

Así, as persoas interesadas en apuntarse poderán facelo nas piscinas municipais, en horario de 12.00 a 20.00 horas e ata o vindeiro 20 de xullo, para poder aprender o básico para poder nadar.

As piscinas, que están abertas desde o pasado sábado, ademais, acollen diferentes actividades durante o verán para os nenos e nenas que están a participar do campamento de verán de Paradela.

'A miña cadeliña' foi presentado no CEIP plurilingüe San Miguel

Francisco Rodríguez Iglesias presentou o seu libro *A miña cadeliña*, no colexio San Miguel de Paradela, acompañado pola ilustradora da obra e colaboradora do colexio, Estefanía Padulles.

Durante o evento, Rodríguez explicou que o seu libro trata temas familiares, en concreto, da relación dun avó coa súa neta, á que lle ensina o amor pola natureza. Así, mediante as ilustracións de Padulles, créase un ambiente "moi emocional", tal e como comenta a ilustradora e tamén escritora.

V.A.
Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

“O noso obxectivo é escoitar aos veciños e traballar por un Samos mellor”

María Xesús López é a nova alcaldesa do Concello de Samos

Un novo goberno en Samos, era necesario este cambio para a cidadanía?

Era algo moi necesario e un cambio que a veciñanza acolleu moi positivamente. Era moi necesario porque ata agora, o goberno existente non estaba aproveitando todas as oportunidades que se lle presentaban ao Concello, como son as numerosas subvencións que non se solicitaron. Por exemplo, a subvención para ter o campamento de verán para os nenos e nenas de Samos, que simplemente tiña que firmar a solicitude Julio Gallego dentro do prazo, sen necesidade de pasar pola Xunta de Goberno, e non o fixo. E, desgraciadamente, non é a única que se perdeu debido a pésima xestión de Gallego.

Ser alcaldesa é unha responsabilidade, como afronta este reto?

Afronto esta responsabilidade con determinación, convencemento e con ganas de traballar polo noso concello para sacarlle todo o seu potencial e que a veciñanza estea orgullosa do seu concello e contenta coa xestión.

A primeira muller alcaldesa de Samos, como se sente?

Moi contenta, é un avance máis na igualdade, e Samos non se podía quedar atrás. Pero isto foi posible grazas ao gran equipo que temos no BNG de Samos, ao gran traballo de estes últimos anos e da lista que presentamos a estas eleccións, que estaba chea de boa aptitude, preparación e

gran capacidade de traballo, que se demostrou en campaña, e que así vai seguir sendo dende o goberno.

Como de importante é para o BNG conseguir a alcaldía dun municipio como o é Samos? E para vostede persoalmente?

Para o BNG é un logro moi importante, xa que é a primeira Alcaldía do BNG na comarca, e persoalmente tamén, pois eramos conscientes de que era un reto moi difícil. Viñamos de non ter representación no Concello, hai catro anos conseguimos que entrara eu como concelleira e hoxe logramos ter tres concelleiros e estar no goberno do concello, na Alcaldía, así que é un logro increíble.

Que propostas inmediatas ten para o municipio? Cales son os principais proxectos que levará a cabo?

Temos varios temas urxentes, dende resolver deficiencias nas vivendas comunitarias, que require a inspección de sanidade que nos atopamos ao chegar; como proxectos, que nolos pedira a veciñanza en numerosas ocasións, que é recuperar as festividades do verán, como o caso do San Benito, para o que queda menos de un mes, e intentaremos tamén que se volva a facer a feira de artesanía. Estamos, ademais, coa posta a punto da piscina e intentaremos ir arranxando as pistas máis urxentes e que levan moito tempo nun estado moi deficiente, ade-

mais de ir tratando de levar a cabo o que detallabamos no programa.

E a longo prazo?

A longo prazo, temos o obxectivo de conseguir a dinamización de Samos, apoiando o comercio local, a promoción turística, etc, o eido social, imos colaborar co colexio e coa anpa, queremos crear un centro social e fomentar as actividades culturais e o deporte. Tamén temos a intención de ir cos tempos no referente á cobertura telefónica e de Internet, ademais de actualizar e mellorar a web do concello. E todo isto sen esquecer a mellora dos servizos, como é o subministro de auga, o estado das pistas, etc.

Como describiría Samos e as súas xentes?

Samos é un concello increíble e do que queda moito por descubrir. Ademais de estar no Camiño de Santiago e ter un Mosteiro impresionante, posúe moitos outros atractivos que debemos compartir e promocionar. E no referente ás súas xentes, a veciñanza é acolledora, amable, colaboradora, integradora... é como unha gran familia.

Xa ten pensada a estrutura de goberno?

Temos xa definida a estrutura de goberno, que se distribuirá en varias concellerías entre o BNG e o PSOE. Así, a área de Servizos Sociais será labor de Nagari López, Urbanismo e obras de José Antonio García, Medio rural de José



Manuel Campo e Cultura, Deporte e Turismo de José Manuel López Préstamo. O noso obxectivo é común: escoitar os veciños e traballar por un Samos mellor.

Cre que a oposición llo poñerá fácil? Falamos de que Miguel Gallego, candidato do Partido Popular, quedou preto da maioría absoluta.

Eu espero que fagan unha oposición construtiva e dende o respecto, pois todos somos veciños e deberíamos movernos por mellorar o noso concello.

Que se fará polas parroquias de Samos?

A nosa idea é reunirnos con cada

parroquia para poder saber de primeira man que é o que precisan os veciños e poder facer, así, unha mellor xestión e máis adecuada ás necesidades de cada pobo.

No seu mandato fomentárase máis a comunicación institucional?

Totalmente, cremos que é básico o tema da comunicación, tanto cos medios como nas redes. Ademais da importancia que nos merece que a veciñanza estea informada do que se fai ou acontece no seu concello, tamén sabemos o importante que é a promoción, a publicidade e o dar a coñecer o noso concello, e niso tampouco nos podemos quedar atrás.

Haberá campamento de verán en Samos

A Anpa do CEIP Samos vai organizar o campamento de verán para nenos despois de que o rexedor en funcións, Julio Gallego, deixara de pedir a axuda á Xunta para poder desenvolver esta iniciativa.

Xa teñen un grupo de 12 nenos de entre 6 e 11 anos cuxas familias mostraron interese por apuntarse a este campamento, que terá lugar en xullo e en agosto. Para o mes de agosto aínda hai prazas dispoñibles.

As actividades desenvolveranse nas instalacións do centro educativo de Samos, de 09.00 a 15.00 horas, aínda que tamén farán algunha actividade diferente, como unha excursión ata o Mosteiro de Samos.

Alfonso García
PSICONEUROINMUNOLOGÍA CLÍNICA

690 344 001 | [Alfonsogarcia.pni](https://www.instagram.com/Alfonsogarcia.pni)

Gran vía 31-33 entresuelo A 27600 Sarria

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

COLABORACIÓNS

Tarefas de verán, si ou non?

O PUPITRE



Julio Díaz

Nada na vida é cuestión de Si ou Non, senón de matices. As tarefas de verán non son una excepción.

Cando nun asunto están implicados moitos axentes, vólvese controvertido e non sempre coinciden as opinións. Iso pasa tamén coa realización das tarefas escolares no verán. Repercuten nos rapaces, que son os que teñen que realizalas; nos docentes, si son eles os que as asignan, e nos pais que son os que teñen que implicalos e supervisar que se realizan.

É moi fácil percibir ao remate do curso escolar o enorme cansanzo e o desgaste sufrido ao longo do mesmo. Sempre recordo a frase que un bo amigo me repite un día si e outro tamén, “non cres que sobrecargamos aos nosos rapaces de tarefas e de actividades, algún ten unha axenda máis ocupada que a do presidente do goberno”; i é certo, por iso os rapaces no verán deben desconectar, facer outro tipo de actividades lúdicas e de ocio (artísticas, deportivas, culturais, musicais..), e neste mundo cada día máis individualizado e invadido polas “maquinitas” deben aproveitar para relacionarse con outros iguais, visitar amigos e familiares, xogar, saltar, brincar... completar en sí o seu desenrolo

persoal, cousa arto difícil durante o curso escolar.

Os nosos rapaces, ao igual cos adultos, precisan de tempo libre e facer de cando en vez un “Kit-Kat” de todo o que supón o traballo realizado ao longo dos interminables cursos escolares.

Cando dan comezo as vacacións o que máis desexan “e deixar a rutina do día a día, as tarefas escolares, o traballo e actividades que ocupan milimetricamente o seu quefacer diario durante moitos e moitos meses, como se de un autómatas se tratase, e por iso debemos compensalos. Dito isto, aproveitar para remarcar que tampouco supón que non se poida avanzar ou reforzar coñecementos, xa que existen diferentes

maneiras de aprender, aproveitando actividades ao aire libre, realizando tarefas domésticas, en servizos comunitarios, en compartir tempo en familia, en viaxes, excursións...Atope o equilibrio entre realizar algunha tarefa no verán e descansar é o fundamental para acadar un desenrolo saudable dos nosos rapaces. É crucial recoñecer a importancia do tempo libre e do descanso para o seu benestar xeral.

As nenas e os nenos, ao igual que nosoutros, precisan de descanso, desconectar das rutinas do curso e divertirse. As vacacións de verán son para os adultos unha etapa de desconexión e deben selo tamén para os seus fillos. Imaxínades por un intre, que cando collas as túas

vacacións o teu xefe che diga: “oe fulanito, para non desconectar de todo imos adicar un par de horas, polas mañás, para poñernos ao día da marcha da empresa e así non perdes hábitos de traballo, de 10H a 12H facemos unha “vídeo” e estamos ao tanto de todo”. Gustaríache? Pois a eles tampouco. Dito todo isto, e sabendo que teñen todo o tempo do mundo por diante, non deben tampouco estar aparcados todo o día co móbil, a tablet ou a videoconsola. O verán ten que servir tamén para desintoxicarse un pouco dos dispositivos electrónicos e interactuar cos seus, cos amigos, voltando ao contacto humano tan necesario neste mundo individualista no que nos toca vivir.

Iniciativas a ter en conta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Cando pensamos no agro galego, existen imaxes e estereotipos cos que xeralmente se identifica. Por un lado, a gandería, na que maioritariamente temos as granxas de vacún de leite e aquelas destinadas á produción de carne. Somos o país do millón de vacas, ou iso din. Xusto é recoñecer a importancia doutras variedades como a porcina e ovina, así como a avícola. Se pensamos na agricultura, na nosa bisbarra por suposto que está o millo destinado á alimentación dese gando, ou a pataca para o consumo humano. Tamén ten importancia a remolacha e os produtos de horta. Noutras latitudes de Galicia, os cultivos baixo invernadoiro, desde kiwis ata flores, supoñen un pulo considerable nas economías das zonas onde se

traballan, sen esquecer o viño, claro está. Asemade, no noso campo cómpre referirnos ao sector forestal. Digamos que, sobre todo, no entorno máis próximo, sota, cabaño e rei. E poucas máis cartas enriba da mesa.

Pero por descontado, o rural de Galicia acredita doutras alternativas que ata o de agora foron minoritarias, pero que semellan cribles e con posibilidades de éxito. Aquí a un véñenlle en mente as granxas de visóns, por exemplo, ou outras máis exóticas como as de avestruces ou caracois. En cultivos, en localizacións moi concretas do País, temos na produción de aceite e de cereixas e outras froitas uns exemplos destacados, aínda que algún que outro ano os caprichos climatolóxicos xoguen malas pasadas. E aquí na Chaira, nos últimos anos, estamos vendo como se introdución fórmulas intensivas como o cultivo de amorodos, arandeiras e ata as moras que saen nas silvas dos camiños, os froitos vermellos como se lles denomina, os

berries, os cales ocupan ducias de hectáreas en municipios como Cospeito e Begonte. Un pequeno apunte, non entramos neste artigo no perfil dos traballadores que se contratan, de onde son as empresas e os seus promotores e outras circunstancias que rodean esta fórmula de produción, non exenta de certas polémicas. Pero tocará analízalo noutra ocasión. E tamén sen saír do noso territorio, asistimos a iniciativas moi a ter en conta, como é o altramuz, unha planta que un debe recoñecer que na súa vida oíra falar dela. Pero si, tamén se está a cultivar aquí e ten destinos diversos, xa que se pode utilizar para consumo humano, como aperitivo, bebidas e batidos, así como na alimentación animal. A súa rendibilidade estímase nuns cinco centos euros por hectárea semmentada, polo que pode ser unha alternativa a considerar nas nosas agras. Son este tipo de emprendementos no mundo rural galego que visualizan un futuro algo máis prometedor có actual. Sen desmerecer

O RECUNCHO DE CANELINA



a gandería e agricultura típicas do lugar, ás que non se poden deixar de lado, deberíamos plantexarnos este tipo de opcións, así como outras máis que poden xerar unha riqueza engadida aos propietarios, diversificando o sector primario,

o que contribuiría a dinamizar os nosos concellos. Abofé que aumentaría o atractivo para os que xa viven directamente do campo e para outros que poden ver un complemento ás súas economías como segunda actividade.

DEPUTACIÓN

Constituído o Goberno provincial con José Tomé de novo á fronte

Xa está constituída a Corporación da Diputación de Lugo logo de que todos os deputados xuraran o seu cargo. Actuaron como mestres de cerimonia o maior, José Pardo Lombao, e o máis novo, Iván Castro.

O PP, como partido máis votado, propuxo como candidato para presidir a institución provincial a Antonio Ameijide, mentres que PSOE presentou a José Tomé Roca e o BNG renunciou a elevar un candidato propio. Trala votación, na que o PSOE contou co esperado apoio do BNG, José Tomé Roca foi nomeado novo presidente.

O PSdeG e o BNG acadaron un acordo marco para facilitar a constitución e a conformación de gobernos compartidos nas Deputacións Provinciais de Lugo e A Coruña. Así figura nun documento pechado entre as direccións das dúas formacións políticas e asinado polo secretario de Organización dos socialistas galegos, José Manuel Lage, e o representante da área de Organización do Bloque, Bieito Lobeira.

Neste sentido, ambas forzas reiteran o seu compromiso coa “desaparición de todo tipo de arbitrariedade, discriminación ou favoritismo” e reafirman que o obxectivo da súa acción de goberno desde os entes provinciais é “garantir a igualdade de servizos básicos para a toda a poboación”.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, dará “un novo impulso ó proxecto de progreso social e económico que temos para a provincia, consolidando para elo a coope-



ración cos concellos como elemento vertebrador de todas as nosas políticas. A Deputación é o Concello dos Concellos. Esta é a miña máxima. Por iso, traballaremos cada día para que esta institución sexa o máis útil posible a cada un dos 67 concellos de Lugo, porque esta é a mellor maneira de ser útiles ós 323.989 veciños e veciñas da nosa provincia, e asegúrolles que os datos demostran que somos útiles”. Así o subliñou José Tomé na súa toma de posesión do cargo durante o Pleno de constitución da nova Corporación provincial, un acto que encheu o Salón de Plenos do Pazo de San Marcos.

Tras un primeiro mandato no que “recuperamos a estabilidade da institución, afrontamos retos inimaxinables naquel momento como a pandemia dándolle asistencia ós concellos e despregamos un ritmo de xestión e execución constante e moi elevado, cunha media do 85% de execución do Orzamento de gasto, o meu compromiso de cara o futuro é facelo aínda mellor”, subliñou o presidente.

OS DEPUTADOS

PSOE

José Tomé Roca, María del Pilar García Porto, Carlos López López, Miguel Fernández Méndez, Pablo Rivera Capón, José María Arias Fernández, Iván Castro Díaz, Mayra García Bermúdez, Francisco Cajoto Caserío e Mari-sol Morandeira Morandeira.

PP

Antonio Ameijide, Carmen José López, Demetrio Salgueiro, José Pardo Lombao, Francisco Javier Balado, José Ángel Santos, Jesús Núñez, Javier Varela, José María Fernández, Clemente Iglesias, Armando Castosa e Luis Fernández Guitián.

BNG

Efrén Castro Caloto, Iria Castro Fernández e Daniel García Fernández.

Convenio cos concellos para a súa dixitalización

A Xunta de Goberno en funcións da Deputación aprobou un convenio tipo para que os concellos da provincia se adhiran co fin de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local.

“Dende a Deputación temos feita unha análise inicial sobre cales son as liñas sobre as que traballar, pero queremos que os propios concellos manifesten as súas prioridades máis inmediatas en materia de dixitalización”, detallou a Deputada. Para iso, explicou que se desprazará persoal técnico aos diferentes municipios para coñecer da súa man o punto de partida que hai en cada un de-

les para logo poder darlle resposta cos fondos que cheguen, “que serán repartidos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, concretou García Porto.

No marco deste proxecto, desenvolveranse, entre outras, actuacións para integrar a administración electrónica dos concellos cos servizos da Administración Xeral do Estado, implantar postos de traballo intelixentes que permitan mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia, ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs municipais, aumentando así a transparencia dos concellos.

Axudas para trinta ganderías da provincia

O BOP publicou a resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de boas prácticas de silvopastoreo do programa O que non arde, dirixido a gandeirías de ovino, cabrún e porcino.

Unha trintena de gandeirías recibirán as axudas para financiar a instalación e mantemento de peches perimetrais que protexan o gando da fauna salvaxe e outros elementos para a alimentación e o manexo do gando en extensivo. As achegas, que oscilan en función da puntuación nos criterios establecidos, alcanzan

na maioría dos casos os 2.500 euros, a contía máxima asignada por solicitante.

Medio Rural destinou 60.000 euros a esta cuarta edición do programa, que o pasado mes de outubro foi recoñecido como o mellor proxecto de apoio a gandeiría extensiva desenvolvido por unha Deputación a nivel estatal, pola oenegué internacional WWF Adena. O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación de Lugo en relación coa prevención de incendios e a xestión integral do monte.

A Deputación establece unha canle de denuncias contra a corrupción

A Deputación pon a disposición dos concellos, de xeito gratuito, a ferramenta de información que esixe a Unión Europea sobre infraccións normativas e loita contra a corrupción, que presentaron nunha xornada.

“Ofrecemos información aos concellos sobre como poden activar a Canle de Denuncias, como é o proceso para realizar comunicacións ou como xestionalo”, asegurou o deputado, quen tamén deu conta aos representantes municipais do convenio tipo que aprobou para que os concellos se adhiran co fin

de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local. Uns fondos que servirán para mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs dos concellos.

Á xornada asistiron representantes dos concellos de Antas de Ulla, Baleira, Baralla, O Incio, Lánca, Palas de Rei, O Páramo, Pedrafita do Cebre-

ro, A Pontenova, Ribas de Sil e Xermade. Un técnico explicoulles que, en cumprimento do establecido na Lei da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Deputación implantou xa este sistema interno de información e que servirá para que os cidadáns poidan informar sobre infraccións penais ou administrativas.

Na páxina web xa se pode acceder a información relevante sobre a Canle de Denuncias, o responsable do sistema, os dereitos do informante e a política de protección de datos.

CARNICERÍA Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

DEPORTES

“O DHU Vila de Sarria é un referente neste deporte”

David Gómez é directivo do Club Ciclista DHG Team Galicia en Sarria

Falamos con David Gómez Sozoza, directivo do Club Ciclista DHG Team Galicia en Sarria e organizador da décima edición do DHU Vila de Sarria que vai ter lugar os vindeiros 29 e 30 de xullo en Sarria

Cal é o seu papel na organización do DHU Vila de Sarria?

Son un dos organizadores principais e coordino o tema loxístico de repartir as estruturas, de organizar o persoal para que cada unha das 70 persoas que colaboran con nós poidan levar a cabo tarefas diferenciadas, tamén coordino o tema dos trofeos, falo coas administracións, xestiono os orzamentos...

Para quen non o saiba, en que consiste o DHU Vila de Sarria?

Consiste en descender desde a parte alta da vila á parte máis baixa sorteando obstáculos con saltos de máis de 10 metros e 120 módulos de madeira, que son os que fan que o circuíto sexa un espectáculo. Así, os ciclistas tíranse desde o teito dunha casa, saltan un coche, un camión, van por unha baixada de escaleiras longa... O atractivo que ten é que discorre polo propio Camiño de Santiago, descendendo pola rúa antiga ata o Malecón de Sarria, e gaña o que chegue antes abaixo, é dicir, o máis rápido. Ademais, todos os anos contratamos unha empresa que nos fai a realización audiovisual deste evento a través de doce cámaras establecidas en puntos estratégicos da vila por onde van saltar os diferentes corredores e todo iso emítese en tempo real a través dunha pantalla de 20 metros que se instala abaixo de todo, no Malecón, para que o espectador poida visualizar todo o evento; así como tamén se emite pola Televisión de Galicia e LigaSport.

Cantas persoas cren que van participar nesta X edición?

Esperamos unha participación de entre 150 e 200 corredores, xa que o ano pasado houbo sobre 150 e este ano contamos con que aumente a participación. Como persoas destacables, contamos con Toni Ferreiro e Eva Castro, Campións de España en descenso. Contamos con que

veñan moitos corredores de todas partes de España, que cada ano manifestan que é o mellor descenso urbano do país, o que nos enche de orgullo, porque é importante que un pobo como o de Sarria se recoñeza e destaque por isto. Este evento é un referente a nivel nacional.

Que novidades nos traerá esta X edición?

Ademais do DHU de adultos que vai ter lugar o domingo, o sábado será a quenda dos nenos, que terán o seu propio minidescenso. Como novidade, este ano formouse no club DHGTeam unha escola con 40 nenos que tivo moito éxito e que contou cos esforzos e a preparación do club, polo que elaboramos as infraestruturas para eles e moi ben. Así, os nenos tamén formarán parte do descenso miniurbano. No DHGTeam apostamos polo deporte base e a escola volverá a abrir as prazas en setembro para ofrecer a mellor preparación para que os pequenos poidan participar en carreiras de alta categoría infantil, cadete, etc. A intención é que os nenos que empecen a participar nestes eventos, sigan ata que sexan adultos e poidan formar parte dos descensos como o DH Molinos ou o DHU Vila de Sarria. Por outra parte, como é a nosa décima edición, queriamos facer algo especial, pero é unha sorpresa tanto para os corredores como para o público en xeral, así que teredes que esperar.

A primeira edición como foi? E en comparación coa décima?

A primeira edición organizouse con moita ilusión, traballouse moito e fixemos o que puidemos. Había menos estruturas, non tiñamos a realización das cámaras e a xente do pobo non entendía o formato. Ao pedir axuda, non nos entendían, polo que tiñamos que ensinar fotos doutros eventos similares noutros lugares. A primeira vez que cortamos as rúas, a xente queixouse e enfadouse, pero cando viron o espectáculo, encantoulles e tivo moito éxito, polo que ao ano seguinte retomamos e organizamos outra edición. Así, ao seguinte ano houbo moitas máis infraestruturas e os veciños de Sarria acudiron a velo e incluso as administracións comezaron a apostar por nós, polo que a cousa foi crescendo ata chegar ao día de hoxe, no que nos consolidamos como o mellor descenso urbano de España.

Por que cre que a xente foi participando máis, tanto como público como corredor?

É un evento especial, non hai eventos deste tipo nos que hai que construír as estruturas a medida. Non é chamar e que te traian as cousas e incluso houbo concellos que nos chamaron para pedir as nosas estruturas. Hai eventos de ciclismo noutros sitios, pero destas características e con tanta estrutura non. Este descenso urbano é un dos maiores eventos que ten Sarria, xa que vén xente a participar de moitos lugares de España e vén moito público a velo tamén de moitas partes de España, polo que a vila énchese de xente e



é bo para o turismo. Ademais, os corredores séntense como profesionais, xa que hai 20 cámaras retransmitindo en directo os seus saltos, ademais como tamén teñen gran cantidade de xente nos diferentes puntos do DHU animándoos e dicindo os seus nomes. Por iso, son fieis e repiten todos os anos, xa que ademais de competir, divírtense. Para eles, isto é como un parque de atraccións. Eu, ademais de organizar, tamén compito cada ano e non podo expresar o sentimento que me xera, pero é moi especial cando ves a toda a xente animándote e gravándote. É unha das mellores satisfaccións da miña vida. Con respecto a nós como organizadores, somos 70 persoas que de forma altruísta montamos todo o venres para o minidescenso dos nenos, o sábado desmontamos todo para montar o de adultos e estamos todos moi comprometidos con este traballo, que a pesar de ser 3 ou 4 os que organizamos, son 70 persoas que axudan. Ese é o himno tamén deste evento, o compañeirismo e o traballo en equipo, que fan que cada ano saia tan ben o evento.

Poderíamos dicir que gran parte do éxito deste evento é a organización que se fai desde o DHGTeam?

É totalmente así. Son moitísimas

horas de traballo para crear estruturas que non collen nin en 15 tráileres. Nós facémolo de maneira voluntaria e organizada e xerarquizada, tomámolo como se fose unha empresa, polo que esixe un gran compromiso e hai un gran traballo. Durante o DHU Vila de Sarria temos dous coordinadores de comisarios con walkie-talkies e se hai unha caída avisan a todos, paramos a carreira e coordinamos todo. Tanto é así que recibimos un premio da Federación de Ciclismo pola nosa organización do evento. Somos un referente e a xente que entende do mundo do ciclismo ve que o DHGTeam somos o máximo.

Cales son as partes nas que teñen que dedicar máis esforzos?

O esforzo máis grande é a montaxe das estruturas, xa que comezamos a montalas dúas semanas antes, porque hai que ver que estean ben, que non romperan dun ano ao outro... Ademais, temos que distribuílas para non cortar o tráfico nos días previos e deixalas aí ata a última semana, que é a máis forte porque hai que montar os módulos de madeira onde corresponde e estamos ata as tantas facéndoo, sobre todo o venres, que hai que deixar todo preparado para o minidescenso dos nenos do sábado e logo o sábado desmontar todo para volver a montar o de adultos para que o domingo poidan correr. Así, estamos a contrareloxo con catro carretillas, cuadrillas, remolques, mochilas con ferramentas... E todo medido ao milímetro con planos e mapas.

En resumo podería valorar o que máis lle fai ilusión do evento?

Gústame ver como os nenos baixan ao miniurbano e que a xente diga que é o mellor descenso do mundo, sobre todo os corredores, que din que está todo súper ben organizado. Todo iso é do máis satisfactorio.



O lancarés Roi Pérez proclamouse Campión de España de Wu Shu

O alumno Roi Pérez López das Escolas Deportivas Municipais de Lánacara (EDML) proclamouse Campión de España de Wu Shu, na modalidade Qing Da, categoría menos de 70 quilogramos, no XXXVII Campionato de España de Wu Shu que tivo en xuño.

O evento, que tivo lugar en Madrid, acolleu este deporte de contacto derivado das artes marciais chinas tradicionais, que se leva impartindo 12 anos no Concello de Lánacara da man de José Manuel Fernández e José Manuel Nunes no club Wu Shu Lánacara.

O Wu Shu constitúe unha das máis antigas e variadas formas de combate e defensa persoal e



interview nas orixes de artes marciais estranxeiras como o Kempo, antecesor da disciplina xaponesa Karate, e do Taekyon, antecesor

da disciplina coreana Taekwondo, entre outras. O wushu competitivo componse de dúas disciplinas, a Taolu e a Sanda.

O SD Paradela consegue por primeira vez a Copa Deputación

O equipo de fútbol de Paradela, o SD Paradela, conseguiu facerse coa Copa Deputación despois de xogar a final contra o Cospeito no campo do Sangoñedo, en Chantada, este domingo.

Durante o encontro, que estivo marcado pola calor, O Paradela conseguiu anotar 3 tantos, dous deles durante a primeira parte e o terceiro na segunda parte, na que tamén o Cospeito conseguiu apuntarse un gol, que non foi suficiente para evitar que o Paradela conseguira a victoria. Así, o conxunto de Rubén Bergantiños destacou a través dos



seus puntas, que foi felicitado en persoa polo alcalde de Paradela, José Manuel Mato, que

acudiu ao enfrontamento en Chantada, celebrado ás 19.30 horas.

O Puebla Futsal gaña o I Torneo da Amizade



O Torneo da Amizade organizado polo club de fútbol Puebla Futsal e o SD O Páramo e no que se enfrontaron estes dous equipos da comarca, rematou coa victoria do equipo lancarés.

O enfrontamento xugouse no seu campo, no pavillón municipal da Po-

bra de San Xíao. Porén, o SD O Páramo, que no está acostumado a este tipo de chan, xa que xogan fútbol campo, perdeu nesta final.

A concelleira Alba Sangil entregou o trofeo aos campións, que agradeceron a presenza do goberno local no enfrontamento.

Aberto o prazo para o Mini DHU Vila de Sarria

Xa está aberto o prazo de inscrición para que os nenos e nenas interesados en participar no Mini DHU Vila de Sarria, que terá lugar o vindeiro 29 de xullo, poidan facelo ata o 26 de xullo.

Así, poderán participar ata 3000 nenos e nenas federadas, que non terán que pagar nada, mentres que os non federados deberán asumir un custo de 5 euros.

Os organizadores, do equipo DHG Team de Sarria, defenden que "os cativos serán tamén os protagonistas dunha das competicións máis fermosas coa intención de que os nenos que empecen a participar nestes eventos, sigan ata que sexan adultos e poidan formar parte dos descenso como o DH Molinos ou o DHU Vila de Sarria".

Lúa López e Rosa Díaz, do CB Sarria, representaron a Galicia no Campionato de España 3x3



Dúas xogadoras de baloncesto sarriás, Lúa López Tallón e Rosa Díaz Ogbebor, terminaron a tempada de baloncesto en Blanes (Xirona) representando a Galicia coa selección galega no 1º Campionato de España de 3x3 de seleccións autonómicas, en categoría Ou13.

Estas xogadoras, xunto con outras dúas de compañeiras de Pontevedra

e A Coruña, formaron o equipo As Castrexas para participar no Campionato Gallego 3x3 en categoría Ou13, no que conseguiron saír gañadoras, e con este nome participaron tamén no Campionato de España e xuntas. Este campionato reuniu ás mellores xogadoras do panorama nacional en canto a baloncesto e da xeración 2010.



TORNEO FÚTBOL SALA DE SAN XOÁN. O equipo Alumisar gañou o XXXIII Torneo Fútbol Sala San Xoán de Sarria que se celebrou no pavillón José Mario González durante a celebración das festas. Así, ademais de Alumisar, os premiados foron Colonos, que quedaron segundos; A Lareira, terceiros; Amumisar B, como cuartos; mentres que Os Meigallos F.S. foron recoñecidos como mellor equipo do Concello de Sarria; Álvaro Cerviño, dos Meigallos, foi galardonado por mellor porteiro; Camilo, de Colonos, por mellor xogador; e Alejandro Abella, da Lareira, como máximo goleador.



ARQUITECTO TÉCNICO

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA

COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD

CERTIFICACIONES / INFORMES

TRABAJOS TOPOGRÁFICOS

ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN

URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Igrexa de Santalla de Alfoz de Triacastela

Un templo románico que se erixe sobre antigas casas e pastos de labranza e domina o val xunto á casa reitoral

A parroquia de Santalla de Alfoz atópase ao norte de Triacastela, no medio dun val formado por antigas casas de labranza rodeadas de pastos, terras de cultivo e bosques de especies autóctonas. Nesta parroquia atópase a Igrexa de Santalla de Alfoz, un templo de orixe románica situada sobre un outeiro que domina o val e xunto á antiga casa reitoral. Da súa orixe románica conserva a ábsida con contrafortes, modillóns e ocos tipo seteira, mentres que a sancristía está situada nun lateral.

A igrexa divídese en tres corpos: adro, nave principal cuberta a dúas augas con espadana neoclásica de tres vans e a ábsida románica cun primeiro plano rectangular e semicircular o posterior. Ademais, conta cun arco triunfal dobre sobre unhas piastras todo cuberto cunha bóveda de aresta.

As referencias documentais apuntan a que existiu unha igrexa prerrománica anterior á actual que data da época da repoboación de Triacastela por Alfonso IX no século XIII, momento no que o val de Santa Eulalia converteuse no alfoz ou arrabalde da nova poboación, pasando entón este termo para converterse no topónimo da parroquia.

Ademais, a igrexa de Santalla caracterízase pola sinxeleza en planta, alzado e recursos decorativos das igrexas da zona, encabezadas por Santiago de Triacastela.

CARACTERÍSTICAS. A Igrexa de Santalla de Alfoz de Triacastela é unha construción en cachotería de lousa que reserva os escasos perpiaños para certas partes nobres do edificio, como os arcos, e ten unha sinxela planta de nave única e ábsida semicircular lixeiramente máis estreita que o corpo da igrexa.

Foi ampliándose cara a occidente, polo que tanto a fachada como a cuberta que protexe a súa entrada non son os orixinais. Ao exterior, a ábsida preséntase como un tambor macizo articulado por dous estreitos contrafortes, que chegan á cornixa formada por laxas de pedra de diferentes tamaños e sostidas por bastos canecillos.

Por outra parte, o único van que posúe este templo é unha xanela cadrada no pano sur, onde tamén se atopa se abre unha estreita seteira. Alí, distínguese a parte oriental, que é románica, da prolongación moderna por-

que conserva a cornixa sobre laxas de pedra do mesmo tipo visto na ábsida. No muro norte, en cambio, ademais dunha seteira, ábrese unha sinxela porta formada por un arco de medio punto e de estreitas doelas.

INTERIOR. No interior, a Igrexa está caracterizada pola mesma sinxeleza e pobreza construtiva que anunciaba o seu exterior. A nave aparece lixeiramente iluminada polas seteiras abucinadas dos muros norte e sur, mentres que a ábsida semicircular articúlase por dúas curvas e ábrese á nave cun arco triunfal sobre pilastras e dobrado cara á nave. Con respecto ao retablo maior, este está formado por un conxunto neoclásico que consta dun corpo con ático con catro anxos e un pelicano, Santa Olalla, San Xosé e San Antonio e que data do século XIX. Ademais, consérvanse uns cálices dos séculos XVIII e XIX.

O único exceso decorativo do conxunto fórmalo unha maltreita imposta de calcaria que articula o corpo baixo e a formación de bóveda do conxunto.

Así, a extrema sinxeleza do conxunto non é pola antigüida-

de, senón que denota a falta de recursos dos que dispuxo a construción e da ausencia de pericia técnica do taller que construíu a igrexa, reducindo ao mínimo os habituais recursos artísticos do románico pleno.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es